


Viaxe á estrema dura de Iberia.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Martes, 27 Setembro 2011 22:12



Foise agosto e regresou o hábito; con el, esta columna mensual. Hai un tempo sacaba a lectura pública, en dúas entregas, unha viaxe *ficcionada* de menos de vinte e catro horas na que cifraba algunhas das miñas emocións e percepcións sobre cousas, lugares e personaxes reais da miña vila. Hoxe colgo a primeira das sete entregas doutra viaxe; esta, real, recente e compartida con María José, arranca nos últimos días do anteriormente citado mes.

Prólogo.

Sen apenas preparativos e facéndonos acompañar polos Concertos de *Brandemburgo*, de Bach, a primeira hora da mañá saíamos rumbo á capital do país do fado. Pasara unha mala noite debido ao catarro que arrastro e nin sequera a música conseguiu que o meu estado de ánimo deixase de resentirse antes de media mañá; agora, moitas horas despois, vexo todo doutra cor.

Tras algo menos de catro horas de viaxe, nas que me sobrou tempo para contemplar como as nubes e néboas das primeiras horas disipábanse con desgana ante a insistencia do sol, decidimos volver visitar, fóra de programa como tantas veces, o *Convento de Santa María da Vitoria*, en *Batalha*. Esta gran obra inacabada foi mandada construír por *D.*

João I

para conmemorar a súa vitoria sobre as tropas castelás comandadas por

Juan I

de Castela, a finais do século XIV, en

Aljubarrota

, entre

Alcobaça

e

Viaxe á estrema dura de Iberia.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Martes, 27 Setembro 2011 22:12

Leiria

. Nel atopeime de novo con parte importante da historia portuguesa, coas

Capelas Imperfeitas

, coa

Capela

do Fundador

, co máis famoso gótico de Portugal

,

co

manuelino -

estilo arquitectónico portugués que convive co gótico tardío en tempos de

D.

Manuel I-

e coa tumba do seu introdutor neste monumento: o arquitecto

Mateus Fernandes o Velho

, quen foi intermitente mestre de obras do mosteiro dende mil catrocentos oitenta ata a súa morte en mil cincocentos quince. Conseguiu, ademais, o privilexio de ser enterrado, xunto á súa esposa, no interior da igrexa monacal e alí, aos pés da nave principal, segue hoxe.

Antes de regresar ao coche atravesando o casarío que rodea parcialmente o mosteiro achegámonos a contemplar o *pelourinho*, situado a moi pouca distancia en dirección nacente. Esta columna pétreica coñécese en Castela cos nomes de

Rollo

e

Picota

e nelas sometíanse a escarnio e castigo os reos durante o antigo réxime; eran símbolo de xurisdición civil e criminal. Son monumentos, hoxe obviamente sen uso, que concitan a miña atención dende hai moitos anos pola súa presenza icónica dentro do espazo urbano, alcanzando en ocasións gran valor artístico; proba diso son o de

Villalón

, en

Tierra de Campos

, o de

Peñaranda de Duero

, en

Burgos

, o de

Colares

, preto de

Sintra

, e tantos outros. En Galicia non coñezo ningún vestixio físico, só o seu topónimo nalgunhas poboacións. Despois, xa sobre a marcha e seguindo coa improvisación, propuxen ir ver o resultado dos traballos de

Gonçalo Byrne

Viaxe á estrema dura de Iberia.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Martes, 27 Setembro 2011 22:12

en Alcobaça
. Alá fomos.

Teño poucas referencias do estado en que se atopaba a contorna deste mosteiro antes da intervención de *Byrne* - só sei que un vial asfaltado pasaba pegado á súa fachada principal - pero en todo caso a vista que agora ofrece é magnífica. O espazo público de respecto ao monumento e de transición ao casarío doméstico da poboación, que é o mesmo, está tratado con criterio en ambos os dous bordos. Aténdese ás escalas, os usos, as perspectivas, as texturas, ...os cromatismos. O tratamento da gran praza proxectada por

Byrne

, aberta ante o mosteiro, está resolto de xeito brando e amable a base de xabre compactado no que se intercalan fitas de pedra calcaria que, ao tempo que resolven construtivamente as evacuacións de augas pluviais, escalan e atan o pavimento. Esta combinación de materiais dá continuidade, en horizontal, ao cromatismo da fachada, coincidindo o branco das fitas de pedra co encalado das ás laterais do mosteiro e o ocre do xabre co corpo central pétreo formado pola fachada da igrexa.

Cando chegamos a *Cascais* aínda persistían na lembranza as sofisticadas imaxes exteriores de *Alcobaça*. Tamén a extrema pureza e limpeza formal dos interiores cistercienses; espazo nu este que acolle no transepto os delicados sepulcros góticos, enfrontados baixo o cruceiro, de *D. Pedro I e D^a. Inés de Castro*, a súa amante galega. Un maxestoso alarde de hipocrisía, outro máis, da igrexa católica, por fortuna artística ben conservado, nun mosteiro que se empezara a construír en mil cento setenta e oito, entre os ríos

Alcoa e Baça

, sobre uns terreos que o rei

Afonso Henriques

doara ao abade

Bernard de Claivaux

.

Cascais é unha poboación frecuentada pola burguesía de *Lisboa* que nela atopa unha paisaxe fermosa e praias tranquilas de area moi fina. É unha cidade agradable e limpísima, na que, despois dunha visita lóstrego a

Sintra

, decidimos facer noite. Neste conglomerado urbano desmerecen extremadamente un grupo, non pequeno, de edificios de uso residencial e hoteleiro, que mostran a grotesca estética que por norma defende nas súas actuacións o

novo rico

. En xeral, tampouco é satisfactorio o encaixe urbano desas volumetrías. Unha barbaridade,

Viaxe á extrema dura de Iberia.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Martes, 27 Setembro 2011 22:12

filla da especulación urbanística.

Esta viaxe que hoxe iniciamos pola actualmente testemuñal extrema dura ibérica encerra un segundo obxectivo ademais da extrema dura en si mesma: achegarnos a unha serie de obras de arquitectura contemporánea proxectadas por *Souto de Moura*, os irmáns *Aires Mateus*, *Tuñón*

e
Mansilla

, e
Álvaro Siza

; catro estudos de arquitectura hoxe en día activos cuxas propostas me interesan. Haberá outros arquitectos, seguro, sempre aparecen, de feito xa xurdiu

Byrne

, pero os citados son a prioridade. En todo caso, en

Cascais

estaban a esperar as primeiras.

Camiñando coa vista fixa no que o arboredo e o muro de peche do xardín en que se sitúa permitían ver, achegueime con ilusión á *Casa das Historias - museu Paula Rego*. A cor vermella do formigón exterior recordoume a Oteiza; gustoume. Tamén funciona o achegamento á entrada en diagonal, explorando a mellor perspectiva.

Souto

fixo unha grande obra onde a silueta, tan distinta daquelas outras pezas súas nas que o exterior fala dun interior de altura libre única, ten un alto protagonismo e beleza. As circulacións encerran algún misterio e a luz está tratada doutro xeito. Todo está resolto coa habitual elegancia que

Eduardo

aplica sempre ás súas creacións. É unha obra que, con

sotaque

propio, remite ao mestre. Sorprende. Antes de saír, comprei un caderno de notas e un libriño con traballos de

Paula Rego

.

Máis tarde, despois de pasear o centro histórico da cidade e parte da súa fronte marítima, decidimos cear. Fixémolo no restaurante *Pimentão*, próximo á antiga *Rua Direita*. Tomamos sardiñas e salmón.

Viaxe á extrema dura de Iberia.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Martes, 27 Setembro 2011 22:12

A media noite *Cascais* queda practicamente deserta; só uns poucos mozos tratan de mostrarse o amor que cren sentir, en plena praia urbana, sen reparar na mirada inmóbil que dende a veciña praza lles dirixe *D. Pedro I.* Nós, espidos sobre a cama, damos por concluída esta xornada prólogo.